



CONVENIO SOCIAL ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA- NOSA ENERXÍA S. COOP. GALEGA.

Ourense, a 18 de outubro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Don Juan Pablo Álvarez Fernández, en nome e representación de NOSA ENERXÍA S. COOP. GALEGA. con CIF F94090792.

e de outra, Dona Raquel Fernández Rodríguez en nome e representación da ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA. con CIF G32242422.

Os intervinientes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para a formalización do presente convenio e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

Nosa Enerxía S. Coop. Galega, dentro da súa vontade de camiñar cara un novo modelo enerxético baseado nun modelo sostible con enerxía renovable, respetuoso co medio ambiente e afianzar a democracia e soberanía enerxética por parte da cidadanía quere presentar o seguinte convenio a ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA.

Os obxectivos deste convenio son:

-Impulsar e animar por coherencia á masa social da ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA a apostar por un modelo de consumo sostible e polo modelo enerxético cooperativista de Nosa Enerxía S. Coop. Galega.

-Nosa Enerxía S. Coop. Galega como coop. que traballa sen ánimo de lucro e dentro da súa área de Acción Social e Verde quere apoiar proxectos e actividades da ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA.

Acordan:

1-Cada persoa socia ou vencellada coa ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA que se faga socia consumidora de Nosa Enerxía S. Coop. Galega, a cooperativa destina unha cantidade económica para proxectos da ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA.

Esta aportación económica tería a súa orixe en:

- a) 10€ o ano da factura anual da luz dunha persoa socia consumidora de Nosa Enerxía S. Coop. Galega procedente da ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA
- b) 5€ por cada contrato que se “apadriñe” por parte dunha persoa socia da ASOCIACIÓN AMIGOS DA TERRA.

2-Esta aportación pode ser actualizada cada ano en función da viabilidade económica da cooperativa.

4- A execución e xustificación do presente convenio corresponderá a Nosa Enerxía S. Coop. Galega, e será responsable de que os fondos percibidos sexan utilizados conforme aos principios do convenio.

5- Este convenio finalizará con un preaviso dun mes por calqueira das partes asinantes do convenio.

En Ourense, a 18 de outubro de 2019

Presidenta da Asociación
Amigos da Terra

Presidente de
Nosa Enerxía S. Coop. Galega

Dona Raquel Fernández Rodríguez

Don Juan Pablo Álvarez Fernández



